

ANEXO

| CONCELLO BENEFICIARIO | CIF | IMPORTE CONCEDIDO |
|------------------------|-----------|-------------------|
| A BAÑA | P1500700H | 4.800,00 |
| A ESTRADA | P3601700B | 3.110,00 |
| A GUARDA | P3602300J | 5.000,00 |
| A CUDIÑA | P3203500H | 5.000,00 |
| A ILLA DE AROUSA | P860000H | 5.000,00 |
| A LAMA | P3602500E | 5.000,00 |
| A LARACHA | P1504200E | 5.000,00 |
| A MEZQUITA | P3204900I | 5.000,00 |
| A VEIGA | P3208400F | 2.500,00 |
| ABADÍN | P2700100G | 5.000,00 |
| ANTAS DE ULLA | P2700300C | 5.000,00 |
| ARBO | P3600100F | 5.000,00 |
| AS NEVES | P3603400G | 4.310,34 |
| AS SOMOZAS | P1508200A | 5.000,00 |
| AVIÓN | P3200500A | 5.000,00 |
| BAIONA | P3600300B | 4.802,00 |
| BALTAR | P3200600I | 5.000,00 |
| BETANZOS | P1500900D | 5.000,00 |
| BOBORÁS | P3201400C | 2.500,00 |
| BOIRO | P1501100J | 5.000,00 |
| BURELA | P2706800F | 5.000,00 |
| CABANA DE BERGANTIÑOS | P1501400D | 3.800,00 |
| CALDAS DE REIS | P3600500G | 4.602,00 |
| CARBALLEDA DE AVIA | P3201900B | 5.000,00 |
| CARTELLE | P3202100H | 5.000,00 |
| CATOIRA | P3601000C | 5.000,00 |
| CERCEDA | P1502400C | 5.000,00 |
| CHANTADA | P2701600E | 5.000,00 |
| CORCUBIÓN | P1502800D | 4.506,00 |
| COSPEITO | P2701500G | 5.000,00 |
| CUALEDRO | P3202900A | 5.000,00 |
| CUNTIS | P3601500F | 5.000,00 |
| CURTIS | P1503200F | 4.310,00 |
| DODRO | P1503300D | 5.000,00 |
| FISTERRA | P1503800C | 5.000,00 |
| FORNELOS DE MONTES | P3601900H | 5.000,00 |
| FRADES | P1503900A | 2.431,97 |
| GUITIRIZ | P2702200C | 5.000,00 |
| IRIXOA | P1504000I | 2.500,00 |
| LALÍN | P3602400H | 5.000,00 |
| LÁNCARA | P2702600D | 5.000,00 |
| LAZA | P3204000H | 5.000,00 |
| LOUSAME | P1504300C | 4.600,00 |
| MALPICA DE BERGANTIÑOS | P1504400A | 4.000,00 |
| MAÑÓN | P1504500H | 5.000,00 |
| MASIDE | P3204600E | 5.000,00 |
| MELÓN | P3204700C | 4.310,00 |
| MESÍA | P1504800B | 4.310,00 |
| MIÑO | P1504900J | 5.000,00 |
| MONTERREI | P3205100E | 5.000,00 |
| MORAÑA | P3603200A | 4.310,00 |
| MUÍÑOS | P3205200C | 2.500,00 |
| MUROS | P1505400J | 5.000,00 |
| MUXÍA | P1505300B | 5.000,00 |
| NEGREIRA | P1505700C | 5.000,00 |
| NOGUEIRA DE RAMUÍN | P3205300A | 2.500,00 |
| O CORGO | P2701400J | 2.155,00 |
| O ROSAL | P3604800C | 4.310,00 |
| ORTIGUEIRA | P1506200C | 5.000,00 |
| PADERNE | P1506500F | 5.000,00 |
| PADERNE DE ALLARIZ | P3205600D | 5.000,00 |
| PAZOS DE BORBÉN | P3603700J | 5.000,00 |
| PETÍN | P3206100D | 5.000,00 |
| POL | P2704600B | 5.000,00 |
| PONTECESO | P1506900H | 5.000,00 |
| PORQUEIRA | P3206300J | 5.000,00 |
| PORTO DO SON | P1507200B | 2.500,00 |
| RÁBADE | P2705600A | 5.000,00 |
| RAMIRÁS | P3206900C | 2.500,00 |
| RIANXO | P1507300J | 5.000,00 |
| RIÓS | P3207200A | 5.000,00 |
| RIBEIRA | P1507400H | 5.000,00 |
| SADA | P1507600C | 5.000,00 |
| SALCEDA DE CASELAS | P3604900E | 5.000,00 |

| CONCELLO BENEFICIARIO | CIF | IMPORTE CONCEDIDO |
|-----------------------|-----------|-------------------|
| SALVATERRA DE MIÑO | P3605000C | 5.000,00 |
| SAMOS | P2705500C | 5.000,00 |
| SANDIÁS | P3207800H | 5.000,00 |
| SANTISO | P1508000E | 5.000,00 |
| SARRIA | P2705700I | 5.000,00 |
| SOBER | P2705900E | 2.500,00 |
| SOUTOMAIOR | P3605300G | 4.987,26 |
| TORDOIA | P1508500D | 5.000,00 |
| TRAZO | P1508700J | 2.500,00 |
| VALGA | P3605600J | 4.812,00 |
| VEREA | P3208500C | 2.500,00 |
| VILAR DE BARRIO | P3209000C | 5.000,00 |
| VILARMAIOR | P1509200J | 5.000,00 |
| ZAS | P1509400F | 5.000,00 |

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 28 de decembro de 2006 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño, e programas de garantía social.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece a competencia plena para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (BOE do 4 de maio), de educación, establece nos seus artigos 39 a 44 os principios xerais, obxectivos, contidos, títulos e validación da formación profesional integrada no sistema educativo español. E, concretamente, no artigo 42 determina que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluíra unha fase de formación práctica nos centros de traballo.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no seu artigo 9, que a formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais.

O Decreto 585/2005, do 29 de decembro, en harmonía co disposto no artigo 31 do Estatuto de autonomía para Galicia establece que lle corresponden a esta consellería as competencias e funcións en materias de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

O Real decreto 362/2004, do 5 de marzo (BOE do 26 de marzo), no seu artigo 6, desenvolve as finalidades do módulo de formación práctica en centros de traballo.

O Decreto 239/1995, do 28 de xullo (DOG do 16 de agosto), establece a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional específica, así como as directrices sobre os seus títulos.

O Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG do 5 de novembro), que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establece os requisitos e as normas necesarias e básicas para a xestión e a actividade económico-financieira do orzamento destinado a prácticas en alternancia e á formación en centros de traballo.

A Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo; corrección de erros no DOG do 23 de xullo), regula o desenvolvemento, en réxime ordinario e de adultos, dos ciclos formativos de formación profesional específica.

A Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro), regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa a formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Considerando que a formación práctica en centros de traballo ten un gran valor didáctico e pedagóxico por achegar o alumnado ao mundo sociolaboral no que se vai desenvolver a súa futura vida profesional, cómpre incluír este programa como unha das accións que hai que promover como unha das iniciativas dos acordos sobre medidas para o crecemento do emprego en Galicia.

En consecuencia co anteriormente exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria.

Convocar axudas económicas para a realización da formación práctica en centros de traballo destinadas ao alumnado matriculado no último curso de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, de artes plásticas e deseño, de módulos profesionais experimentais e programas de garantía social.

Artigo 2º.-Requisitos.

1. Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado matriculado en centros públicos desta comunidade autónoma e, no caso dos centros privados, o alumnado matriculado en ensinanzas concertadas coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que estea cursando o último curso de:

-Un ciclo formativo de grao medio ou superior de formación profesional específica.

-Un ciclo formativo de grao medio ou superior de artes plásticas e deseño.

-Un módulo profesional experimental de nivel II.

-Un programa de garantía social.

2. O período de formación práctica en centros de traballo correspondente a esta orde de axudas estará comprendido entre o 1 de setembro de 2006 e o 31 de agosto de 2007.

3. Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta orde o alumnado que incurra nalguna das circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Solicitudes.

1. O alumnado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará a seguinte documentación:

-Solicitud normalizada segundo o anexo I desta orde.

-Certificación expedida pola entidade bancaria, en que consten os datos da entidade e o código da conta en que o beneficiario desexa que se lle faga efectivo o pagamento. Nesta conta o beneficiario debe figurar necesariamente entre os titulares.

-Copia do DNI.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 4º.-Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

Convócanse dous períodos de presentación de solicitudes:

1. Primeiro prazo, 31 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Acollerase a este prazo o alumnado que segundo a Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro) lle corresponda realizar a FCT no período de outubro-décembro e remate antes de finalizar o prazo de solicitude.

2. Segundo prazo, abrangará do 15 de maio ata o 15 de xuño.

Acollerase a este prazo o alumnado que segundo a Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro) lle corresponda realizar a FCT no período outubro-marzo, ou a partir de xaneiro e o alumnado dos programas de garantía social.

Non se acollerá a esta orde de axudas o alumnado que lle corresponda realizar a FCT no período outubro-décembro de 2007, e que anticiparan o período de FCT.

Reservarase un 40% das axudas para o primeiro prazo, un 60% para o segundo, sendo acumulable o orzamento excedente de cada período para o seguinte.

As solicitudes, xunto co resto da documentación requirida, poderase presentar no centro onde o alumnado estea ou estivese matriculado no momento de realizar a formación en centros de traballo.

Artigo 5º.-Orzamento.

1. O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo ao concepto orzamentario 09.03.422M.480.2 dentro do exercicio orzamentario do ano 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, ata un importe máximo de 2.750.000 euros (dous millóns setecentos cincuenta mil euros). Esta contía poderá incrementarse na medida en que exista crédito

adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio económico do ano 2007.

Se a contía total da suma das solicitudes superase o crédito de que se dispón, queda autorizada a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para axustar os importes solicitados por cada solicitante, de xeito que a suma total dos importes de todos os solicitantes de Galicia non supere a contía do crédito dispoñible.

En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Artigo 6º.-Contía da axuda e número de xornadas.

1. Contía das axudas.

O cálculo da contía para cada alumno estará en función do número de xornadas formativas que lle corresponda realizar, multiplicado polo importe de 5 € por xornada.

2. Número de xornadas.

O número mínimo de xornadas que se deben realizar para percibir esta axuda será do 80% das correspondentes a cada ensinanza.

O límite máximo de xornadas para considerar calcularase da seguinte forma:

a) Para o alumnado de ciclos formativos e módulos profesionais experimentais de formación profesional de réxime xeral, o número de xornadas obterase de dividir entre oito o número de horas do módulo de FCT que lle corresponda realizar.

b) Para o alumnado de ciclos formativos das familias de artes plásticas e deseño, o número de xornadas obterase dividindo entre cinco o número de horas do módulo de FCT que lle corresponda realizar.

c) Para o alumnado de programas de garantía social que curse a modalidade de formación educativa e profesional a desenvolver integramente no centro educativo (modalidade A), será de 23. Para o alumnado que curse estes programas na modalidade de iniciación profesional a desenvolver a parte práctica integramente nun centro de traballo, (modalidade B), será de 50. En ambas as modalidades a xornada computarase a razón de oito horas.

d) Para o alumnado que realice a FCT en xornada de horario flexible, segundo o artigo vixésimo terceiro punto 7º da Resolución do 27 de xuño de 2005, o máximo de xornadas será o correspondente ás da ensinanza que se curse e só será posible acollerse á orde de axudas que regule o período final das súas prácticas, se estas se prolongan ao longo de máis dunha convocatoria de axudas.

Os solicitantes percibirán axuda por un só período de realización de FCT por ensinanza realizada no ámbito temporal de vixencia desta orde.

O alumnado que participe en estadias en empresas de ámbito transnacional e se acolla ás axudas da orde de convocatoria correspondente e realice parcialmente a FCT fóra do territorio español só terán dereito a axuda polas xornadas que realicen no territorio español.

Artigo 7º.-Documentación para tramitar polos centros.

1. Os centros educativos utilizarán para a xestión destas axudas as aplicacións informáticas que determine e subministre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, ademais, proporcionarán á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais todos aqueles documentos ou datos previstos nesta orde, nas distintas normas reguladoras do desenvolvemento da FCT ou en instrucións remitidas aos centros.

2. A dirección do centro, para cada un dos prazos establecidos, cargará os datos e tramitará todos os documentos a través da páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>, da cal se obterá unha listaxe provisional de todo o alumnado que solicitase axuda no seu centro. Esta listaxe provisional de solicitantes, coa indicación da contía que lle corresponde a cada alumno, asinada polo director e o secretario, deberá ser publicada no taboleiro de anuncios do centro o día seguinte do remate do prazo de presentación de solicitudes.

O alumnado tamén poderá consultar a listaxe na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

3. O centro abrirá un prazo de dez días naturais, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións por parte dos solicitantes.

4. Rematado o prazo de reclamacións, a dirección do centro resolveraa, é elaborará unha listaxe definitiva de solicitantes, e que deberá asinar o director e o secretario, e publicala.

5. O centro, a través do coordinador de FCT, unha vez finalizada a formación en centros de traballo marcará na aplicación informática o alumnado que ten dereito á axuda e as xornadas que realizou, excepto no caso dos alumnos que estean facendo prácticas nos meses de xullo e agosto coa autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

6. Posteriormente o director e o secretario certificarán a relación do alumnado que realizou prácticas, cos importes que lle corresponda a cada un e o total.

Artigo 8º.-Envío de documentación.

1. A dirección do centro enviará á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a seguinte documentación en papel:

a) Certificación de realización e finalización da formación en centros de traballo asinada polo director e o secretario.

b) Solicitudes orixinais (anexo I).

c) Certificacións bancarias.

d) Copia do DNI de cada alumno solicitante.

e) Declaracións xuradas complementarias, se é o caso, segundo indica o artigo 12º desta orde.

2. Esta documentación será enviada polo centro á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, dentro dos dez días naturais seguintes ao remate do prazo de reclamacións.

Artigo 9º.-Comisión de selección.

1. Para a adxudicación das axudas establecerase unha comisión de selección integrada por:

-O subdirector xeral de Formación Profesional, que actuará como presidente.

-O xefe do Servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional.

-Catro inspectores de institutos de educación secundaria, un por cada provincia, por proposta do delegado provincial.

-Catro directores de centros educativos con formación profesional, un por provincia, por proposta do inspector xefe.

-Un funcionario da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

2. Os membros da comisión de selección poderán percibir asistencias, axudas para gastos de locomoción por concorrer ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Artigo 10º.-Adxudicación das axudas.

A comisión de selección das axudas, á vista das certificacións dos centros e do crédito dispoñible, elaborará a correspondente proposta de adxudicación das axudas á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que proceda.

Artigo 11º.-Comunicación e publicación das axudas.

1. Mediante orde da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria publicarase anuncio da exposición das listaxes definitivas dos beneficiarios, para cada un dos prazos establecidos, coa indicación da contía que lle corresponde a cada alumno, no *Diario Oficial de Galicia*. Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, consono co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As solicitudes entenderanse desestimadas de non se ditar resolución expresa no prazo de seis meses contados a partir do último día de presentación de solicitudes.

Artigo 12º.-Pagamento das axudas.

1. As axudas efectuaranse nun só pagamento directamente ao solicitante, a través da conta bancaria aberta a nome do beneficiario.

2. O beneficiario presentará no centro e no momento da finalización da FCT unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

3. O beneficiario está obrigado a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

4. Para o non establecido especificamente nesta orde, haberá que aterse ao disposto nos artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como no Decreto 284/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 13º

Estas axudas son compatibles con outras de carácter xeral, aínda que o importe total recibido nunca poderá superar illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 14º

A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades ás que houber lugar.

Artigo 15º

Esta orde adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións e ás do seu desenvolvemento.

Artigo 16º

O beneficiario está obrigado ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

Artigo 17º

O beneficiario está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control que lles correspondan.

Artigo 18º

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 19º

Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para desenvolver o disposto nesta orde, que entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABAJO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED202A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

DATOS DO/A SOLICITANTE

| | | |
|--------------------------------|------------|----------|
| APELLIDOS | NOME | NIF |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR) | LOCALIDADE | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | TELÉFONO |
| | | FAX |
| CORREO ELECTRÓNICO | | |

ESTUDOS QUE REALIZA E AXUDA QUE SOLICITA

| | |
|--|--|
| CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO OU PROGRAMA DE GARANTÍA SOCIAL | DENOMINACIÓN DO CICLO OU PROGRAMA DE GARANTÍA SOCIAL |
| Nº DE HORAS | Nº DE XORNADAS |
| CONTÍA POR XORNADA | CONTÍA TOTAL DA AXUDA |

DATOS BANCARIOS

| | | | | |
|-----------------|--------------------|--------------------|--------------------------|--|
| CÓDIGO DO BANCO | CÓDIGO DA SUCURSAL | DÍXITOS DE CONTROL | CÓDIGO DA CONTA CORRENTE | O/a solicitante deberá ser necesariamente titular ou cotitular da conta; non esqueza achegar certificación a este respecto da entidade bancaria. |
|-----------------|--------------------|--------------------|--------------------------|--|

CERTIFICACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

D/Dª _____, con NIF _____
 director/a / inspector/a do centro _____ código do centro _____,
 localizado en _____, provincia de _____ certifico: que o/a alumno/a está
 matriculado/a neste centro e nos estudos para os que solicita axuda e que os datos que figuran neste impreso foron cotexados cos documentos
 correspondentes. En consecuencia, está conforme con esta solicitude. (*) O/a director/a / O/a inspector/a

(*) Nos centros públicos, a conformidade do/a director/a do centro.
 Nos centros privados con ensinanza concertada, o/a inspector/a correspondente.

Selo

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE

O/a alumno/a _____, con NIF _____ declara baixo a súa responsabilidade:

Non incumpre as condicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, para ser beneficiario desta axuda.

Que non percibe ningunha axuda das diferentes administracións públicas e competentes, polo mesmo ou similares conceptos para os que se formula esta solicitude.

As únicas axudas que percibe son as seguintes:

De conformidade cos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia destas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

| | | |
|--|---|----------------------|
| LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 decembro de 2006 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño e programas de garantía social.</i> | (Para cubrir pola Administración) RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA | REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA |
| En _____ o _____ | | DATA DE EFECTOS |
| | | DATA DE SAÍDA |

Director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 2 de xaneiro de 2007 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na redacción dada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os dous postos de traballo vacantes que se indican no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán xuntar á petición un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de resultaren seleccionados/as para ocupar os postos de traballo funcionarios/as con destino noutras administracións públicas, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizo, que se considerará neste sentido de non emitirse no prazo de 15 días segundo o disposto no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderán declararse desertos os postos de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade que o novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao

servizo activo do/a funcionario/a. Este prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Oitavo.-Contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2007.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

-Denominación do posto: xefe/a do Servizo de Promoción Estudiantil.

Código do posto: ED.C99.10.000.15001.203.

Dependencia: Delegación Provincial.

Localidade: A Coruña.

Grupo: A/B.

Nivel: 28.

Corpo ou escala: xeral/docente.

Complemento específico: 10.929,12 euros.

Tipo de adscrición: A17.

Formación específica: 640.

-Denominación do posto: xefe/a do Servizo de Programación e Contratación.

Código do posto: ED.C99.10.000.15001.221.

Dependencia: Delegación Provincial.

Localidade: A Coruña.

Grupo: A/B.

Nivel: 28.

Corpo ou escala: xeral.

Complemento específico: 10.929,12 euros.

Tipo de adscrición: A11.

Formación específica: 640.

Descrición de códigos.

A11- Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA.

A17- Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

640- Para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).